



Federación Galega de Karate
e Disciplinas Asociadas

www.federaciongallegakarate.es
administracion@federaciongallegakarate.com



CAMPIONATO GALEGO SÉNIOR, MÁSTER E DE PARA-KARATE

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2019

Programa e aclaracións sobre a competición

TATAMI 1

- 09'30 horas** Kata Sénior Masculino
- 10'05 horas** Kata Máster Masculino
- 10'25 horas** Bronces Kata Sénior Masculino
- 10'45 horas** Bronce Kata Máster Masculino
- 11'05 horas** Final Kata Sénior Masculino
- 11'15 horas** Final Kata Máster Masculino
- 11'25 horas** Kumite Sénior Masculino +75 kg.
- 12'30 horas** Entrega de Trofeos

TATAMI 2

- 09'30 horas** Kata Sénior Feminino
- 10'10 horas** Kata Máster Feminino
- 10'25 horas** Bronces Kata Sénior Feminino
- 10'45 horas** Para-karate
- 11'05 horas** Final Kata Sénior Feminino
- 11'15 horas** Final Kata Máster Feminino
- 11'25 horas** Kumite Sénior Masculino -75 kg.
Kumite Máster Masculino
Kumite Sénior Feminino Open
- 12'30 horas** Entrega de Trofeos



Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas

www.federaciongallegakarate.es
administracion@federaciongallegakarate.com



MODALIDADE DE KATA INDIVIDUAL:

Levarase a cabo unha valoración por puntos. O panel arbitral, integrado por cinco xuíces, dará dúas puntuacións:

1ª.- Puntuación que valora a parte TÉCNICA.

2ª.- Puntuación que valora a parte ATLÉTICA.

A continuación seguirase o seguinte procedemento:

1. As dez puntuacións recollidas serán ponderadas atendendo ás proporcións que establece o regulamento de arbitraje, 70% parte técnica e 30% parte atlética.
2. Como resultado obteranse cinco puntuacións ponderadas que serán as que veredes na plataforma de Karate Scoring.
3. Das puntuacións ponderadas eliminaranse a máxima e a mínima.
4. O sumatorio das puntuacións ponderadas válidas será o que determine o resultado.

En caso de empate, observaranse os seguintes criterios para desfacer a igualdade:

1. Mínima máis alta das puntuacións ponderadas válidas.
2. Máxima máis alta das puntuacións ponderadas válidas.
3. Mínima máis alta das puntuacións ponderadas eliminadas.
4. Máxima máis alta das puntuacións ponderadas eliminadas.
5. Kata de desempate (poderá volver a realizarse en rondas posteriores)

O kata a realizar será libre. En ningún caso se poderá repetir un kata realizado con anterioridade.

MODALIDADE DE PARA-KARATE:

Valoración por puntos. Cada participantes realizará dúas rondas de puntuación. Non se poderá repetir kata.

MODALIDADE DE KUMITE:

A competición desenvolverase mediante un sistema de liguilla ou de multipool+final. Unha ou dúas pool en función do número de deportistas participantes por categoría. Nas categorías con 2 pool celebraranse posteriormente os encontros de semifinais (1º pool 1 - 2º pool 2/1º pool 2 – 2º pool 1) e a final. Todos os encontros finalizarán cun vencedor.



Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas

www.federaciongallegakarate.es
administracion@federaciongallegakarate.com



Criterios para a clasificación:

O número de vitorias será o factor que determinará a clasificación final (Tódolos encontros rematarán cun vencedor, non haberá empates).

En caso de empate a vitorias, procederase da seguinte forma para desfacer a igualdade, analizando estes criterios de desempate:

1. Maior número de puntos a favor.
2. Menor número de puntos en contra.
3. Resultados parciais

Lembrase que na competición de liga, en caso de que un deportista reciba Hansoku, Shikkaku ou Kiken, rexistrarse a vitoria para o deportista gañador e contabilizaranse os puntos que marcase o encontro antes da incidencia que motivase a descualificación ou o abandono.

Revisión de vídeo: Os coach terán á súa disposición a revisión de vídeo en todos os combates.